



## DISPOSICIONES TRANSITORIAS



## IX. DISPOSICIÓNS TRANSITORIAS

### **Primeira.-** Adecuación das entidades públicas instrumentais.

O disposto nesta lei para as entidades incluídas no apartado cinco da disposición transitoria terceira da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, aplicaráselle as axencias públicas autonómicas que resulten da adaptación das súas normas estatutarias de organización e funcionamento.

### **Segunda.-** *Canon eólico*

Un.- As declaracións de alta, de modificación e de baixa ás que se refire o artigo 17 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, en tanto en cuanto non entre en vigor a orde á que se refire o dito artigo, presentaranse no prazo dun mes desde o día seguinte ao de inicio do primeiro período impositivo, ao que se produza a modificación ou ao que se produza o desmantelamento do parque segundo cada caso, mediante o modelo e consonte coas instrucións establecidas na orde da Consellería de Economía e Industria do 15 de xaneiro de 2010, pola que se aproba o modelo de declaración de alta, modificación e baixa do canon eólico creado pola Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental.

Dous.- As autoliquidacións do canon eólico ás que se refire o artigo 17 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, en tanto en cuanto non entre en vigor a orde a que se refire o dito artigo, presentaranse no prazo dun mes desde o día seguinte á data de devengo, mediante o modelo e consonte coas instrucións establecidas na orde da Consellería de Economía e Industria do 7 de xaneiro de 2010 pola que se aproba o modelo de autoliquidación do canon eólico creado pola Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crea o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental.

### **Terceira.-** *Dotación do fondo de continxencia*

A dotación do fondo de continxencia de execución orzamentaria a que se refire o apartado Dous da disposición derradeira primeira desta lei, realizarase gradualmente durante os exercicios 2013 a 2015 ata alcanzar o seu importe legal neste último exercicio.

Para o ano 2013 a porcentaxe mínima será do 1,1 por cento e, con carácter excepcional, poderá empregarse para financiar os desaxustes que puideran xurdir no capítulo I.